

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 20 de decembro de 2021, de resolución do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D)

Por acordo da Mesa do Parlamento do Parlamento do 2 de maio de 2019, anúnciase o proceso selectivo para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior do Parlamento de Galicia e apróbanse as bases reguladoras do procedemento (DOG núm. 94, do 20 de maio).



O tribunal cualificador, na sesión do 24 de novembro de 2021, acordou propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización e aprobación do proceso selectivo e o nomeamento de Verónica Rosende Sanjurjo e Noemí Laura Pinto Barreiro no corpo auxiliar do Parlamento de Galicia como persoal funcionario de carreira.

De conformidade co establecido na base 7.4 da convocatoria, os aspirantes dispuxeron dun prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte á data de publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 234 do 26 de novembro de 2021.

Xa que logo, en cumprimento do artigo 7.5 das bases do antedito procedemento, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Finalizar o procedemento selectivo para ingresar en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia e aprobar o seu resultado a favor de Verónica Rosende Sanjurjo e Noemí Laura Pinto Barreiro como persoal funcionario de carreira.

2º. Notificar este acordo a Verónica Rosende Sanjurjo e a Noemí Laura Pinto Barreiro, as cales, de conformidade coa base oitava da convocatoria, disporán dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para presentaren, se é o caso, a documentación prevista na citada base.

3º. Comunicar este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para os efectos de darlle efectividade á execución do disposto no punto 2º deste acordo.

4º. Constituír unha lista de espera co resto das persoas aspirantes incluídas no cadro da cualificación final da oposición, que non superaron o proceso selectivo, para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas, de conformidade coa normas aprobadas pola Mesa do Parlamento de 22 de marzo de 2021.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación da execución dos acordos da Mesa do Parlamento do 2 de febreiro de 2021

Advertido un erro na publicación da execución dos acordos da Mesa do Parlamento do 2 de febreiro de 2021, publicada no BOPG núm. 88, do 3 de febreiro de 2021, cómpre facer as oportunas correccións no sentido que se indica a seguir.

